<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias,

Contidos

- ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Find your Style	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	É quen de deducir o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	70
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpreta de forma guiada o contido de textos adecuadamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Utiliza as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Pode redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese xeral evitando o plaxio descartado da información escrita.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Manexa coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresa oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese xeral.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Selecciona e aplica coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.	TI	30
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Emprega de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Comprende e expón textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Usa estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Compara as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	É quen de usar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes dixitais.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Reflexiona sobre os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Compórtase de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valora criticamente en relación cos dereitos humanos e adáptase á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Emprega estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

Contidos

- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos que promoven a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)
Recursos audiovisuais auténticos

Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	15	15	15	25	25	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 15%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 35%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Cráterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 50%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar de resposta curta.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 50%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño, realizando un exame final no que se avaliarán as seguintes competencias lingüísticas:

Grammar: 25%

Vocabulary: 25%

Reading: 25%

Writing: 25%

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.				X		
ET.4 - A competencia dixital.		X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.					X	
ET.7 - A creatividade.		X	X		X	
ET.8 - A educación para a saúde		X	X			
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.						X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X					X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X				X	

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital, a educación emocional e en valores así como o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2º Trimestre: Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas		X	
2º Trimestre: Charla sobre a cultura de Estados Unidos	Impartida por un profesor irlandés		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe, mediante uso de plataformas dixitais, páxinas de presentación e organización das diferentes estruturas lingüísticas.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten, atendendo así a diversidade.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución , progreso na materia, progreso nas estratexias para aprender a aprender, mellora da competencia dixital, desenvolvemento da competencia social e cívica mediante os traballos cooperativos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados